

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

*RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR905A).*

Segundo o establecido no artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno en Galicia e, en particular, a promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

Así mesmo, a disposición adicional primeira do Decreto 147/2024, do 20 de maio, des-concentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para aprobar as bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia (DOG núm. 26, do 9 de febreiro), recolle no seu capítulo V do título II a adopción de medidas de fomento do retorno da poboación galega residente no exterior e a súa descendencia, a través de diferentes programas e actuacións para acadar a súa plena integración social e laboral.

A Estratexia Galicia Retorna, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, inclúe medidas tanto específicas como transversais destinadas, por un lado, a rexuenerar a poboación galega e contribuir a superar a crise demográfica que atravesamos a Comunidade e, por outro, a facilitar o dereito das persoas emigrantes galegas e dos seus descendentes a regresar a Galicia.

Dentro destas medidas da Estratexia Galicia Retorna, recóllese como un dos obxectivos a atención de situacións de vulnerabilidade en familias galegas retornadas que carezan de recursos suficientes para a súa plena integración, polo que esta secretaria xeral convoca unha liña de axudas extraordinarias en favor de persoas emigrantes galegas retornadas,



que ten por finalidade axudar a facer fronte aos gastos excepcionais da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta liña de axudas extraordinarias recóllese tamén unha axuda específica para as familias con fillos/as menores de idade e que se establezan en Galicia, dun importe de 1.000 euros por fillo/a ata o/a segundo/a fillo/a, e de 1.500 euros a partir do/da terceiro/a, cun incremento do 25 % no caso de que a familia resida nun concello rural, co obxecto de darlles pleno cumprimento aos obxectivos de reforzar o apoio destinado a familias con cargas familiares, con especial atención ás que fixen a súa residencia nunha zona rural.

Polos ditos motivos, e dada a súa excepcionalidade por razóns de interese social, propónse un mecanismo de tramitación e resolución que, sen prexuízo da obxectividade da concesión e das garantías na súa aplicación, facilite a tramitación e resolución sobre as peticións que se formulen, todo isto de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 147/2024, do 20 de maio, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de aplicación,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1. *Obxecto e réxime das axudas*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que regularán o procedemento de concesión de subvencións da Secretaría Xeral da Emigración, en réxime de concorrencia non competitiva, que teñen por finalidade a concesión de axudas extraordinarias de carácter social e non periódicas dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas que carezan dos recursos suficientes, para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PR905A).

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as ditas axudas para o ano 2026.



3. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas garantías previstas no artigo 31.4 da dita lei, e conforme o disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

4. A concesión destas axudas efectuarase atendendo en todo caso á data de presentación de cada unha das solicitudes con toda a documentación relacionada no artigo 9 e estará, en calquera caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario. No caso de esgotamento do crédito establecido para esta subvención, a Secretaría Xeral da Emigración publicará esta circunstancia no DOG, o que comportará a inadmisión das solicitudes presentadas con posterioridade á data da dita publicación, sen prexuízo de que se poida incrementar o crédito orzamentario nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## Artigo 2. *Financiamento*

1. Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

2. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na dita aplicación e condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Neste caso, publicarase a ampliación do crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

3. Este expediente tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, posto que existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito



adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as seguintes persoas que, residindo fóra de España con nacionalidade española, establezan a súa residencia na Comunidade Autónoma galega:

a) As persoas galegas e nadas en Galicia.

b) Os/as cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal das persoas galegas e nadas en Galicia.

c) Os/as descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nadas en Galicia.

2. Quedan excluídas destas axudas tanto as persoas que solicitasen a axuda e resultasen beneficiarias dela nas dúas convocatorias anteriores coma o resto das persoas que formaban parte da súa unidade familiar no momento de solicitar a axuda, en virtude das seguintes resolucións:

– Resolución do 28 de decembro de 2023 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

– Resolución do 16 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 29, do 12 de febreiro).

Para os efectos desta convocatoria, considéranse persoas beneficiarias de convocatorias anteriores tanto a persoa que solicitou a axuda coma o resto de persoas que formaban parte da súa unidade familiar no momento de solicitar a axuda.

3. Quedan excluídas destas axudas as persoas que solicitasen a axuda e formen parte dunha unidade familiar en que unha das persoas integrantes xa resultou beneficiaria ao abeiro desta convocatoria.

### Artigo 4. *Requisitos e unidade familiar*

1. Requisitos que se deberán cumprir e acreditar na data da presentación de solicitudes:

a) Estar en posesión da nacionalidade española antes de retornar.

b) Estar empadroado/a e ter residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.



c) Ter residido no estranxeiro un mínimo de dous anos inmediatamente anteriores á data do retorno a España.

d) Que a data do retorno a España sexa a partir do 1 de xaneiro de 2024, incluído.

e) Carecer de recursos económicos suficientes na unidade familiar.

Para estes efectos, considérase que son recursos económicos suficientes cando a suma da media dos ingresos que perciba cada membro da unidade familiar, nos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude, dividida entre o número de persoas que a integren, supere o importe de 1,3 veces o valor do IPREM mensual (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente na data da solicitude.

Para os efectos desta axuda, consideraranse ingresos da unidade familiar os obtidos por calquera dos seguintes conceptos:

– Rendementos do traballo. Inclúe as rendas netas do traballo por conta allea, excepto as pagas extras, liquidacións ou indemnizacións. Exclúense, en todo caso, os salarios xerados no estranxeiro percibidos con anterioridade á data de retorno, sempre que se deixasen de percibir despois do retorno.

– Rendas de actividades económicas, profesionais, empresariais ou agrarias. Compúntase como rendas o rendemento neto reducido (ingresos menos gastos) dos distintos tipos de actividades desenvolvidas en España.

– Pensións e prestacións. Inclúe os ingresos netos de todo tipo de pensións e prestacións, excepto as pagas extras e a prestación económica por razón de necesidade (anxianidade e incapacidade) da Dirección Xeral das Migracións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións español que puideren percibir no seu país de orixe.

– Rendas do capital mobiliario. Inclúe os rendementos netos das distintas contas bancarias e investimentos financeiros.

– Rendas do capital inmobiliario. Inclúe os rendementos netos dos bens inmobles arrendados, diferentes da vivenda habitual.



Exceptúanse do cómputo dos ingresos da unidade familiar do punto anterior os seguintes conceptos:

– Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada, así como as bolsas de estudos, material ou outras relacionadas coa formación.

– Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, como incentivos ou gratificacións pola participación.

– Os ingresos de pagamento único dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.

– As prestacións familiares por fillo/a ou menor a cargo.

– As prestacións económicas e libranzas derivadas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

f) Carecer de patrimonio mobiliario suficiente na unidade familiar.

– Entenderase como patrimonio mobiliario suficiente cando o valor actualizado dos bens mobles de todas as persoas da unidade familiar supere o límite de 20.000 euros cando a unidade familiar estea formada por unha persoa, incrementado, se é o caso, en 5.000 euros adicionais por cada un dos restantes membros da unidade familiar.

O patrimonio mobiliario estará conformado polos depósitos en conta corrente ou a prazo, accións, fondos de investimento e fondos de pensións, valores mobiliarios, etc., que se valorarán polo seu valor nominal que conste na correspondente documentación bancaria. No caso de ter patrimonio mobiliario no estranxeiro, acreditarase cunha declaración responsable.

2. Requisito que se deberá cumprir e acreditar con carácter previo á concesión da axuda:

– Ter a condición de persoa usuaria da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

3. Unidade familiar:

A persoa solicitante debe incluír na súa solicitude de axuda, se for o caso, as persoas que residan na mesma vivenda e coas cales estea unida por vínculos de parentesco. Para



os efectos desta convocatoria de axudas, constitúen unidades familiares independentes as seguintes modalidades:

a) A constituída só pola persoa solicitante, cando viva soa ou comparta vivenda con outras persoas coas cales non teña vínculos de parentesco ou que formen outra unidade familiar independente.

b) A formada pola persoa solicitante, o seu cónxuxe ou parella de feito inscrita e, de ser o caso, os/as fillos/as da persoa solicitante, solteiros/as ou sen parella de feito inscrita, menores de 25 anos, así como os/as maiores desa idade incapacitados/as, que residan na mesma vivenda.

c) No caso de que a persoa solicitante sexa solteira ou sen parella de feito inscrita, sen fillos/as e menor de 25 anos, e conviva con algún dos seus proxenitores, a unidade familiar estará formada pola persoa solicitante e os seus proxenitores e, se é o caso, os irmáns ou as irmás solteiros/as ou sen parella de feito inscrita, menores de 25 anos, que residan na mesma vivenda.

d) Cando a persoa solicitante sexa maior de 18 e menor de 25 anos e non conviva con algún dos seus proxenitores, considerarase que forma unha unidade familiar independente. No caso de que a persoa solicitante sexa menor de 18 anos e non conviva con algún dos seus proxenitores, constituirá unha unidade familiar coa persoa que exerza a súa titoría ou representación legal.

e) No caso de que a persoa solicitante estea residindo nun establecemento de acollida temporal, nunha residencia de persoas maiores ou nun aloxamento turístico, a determinación da unidade familiar realizarase segundo as circunstancias do caso concreto.

Para estes efectos, só se computarán como membros da unidade familiar os que residan e consten inscritos no mesmo domicilio no certificado de empadramento conxunto do padrón municipal, certificación municipal de convivencia ou, no caso de imposibilidade de conseguilo, na declaración responsable presentada pola persoa solicitante, relativa á composición da súa unidade familiar.

#### Artigo 5. *Criterios de valoración*

A valoración das axudas efectuarase conforme os criterios e a gradación que se establecen a seguir:

1. Persoa solicitante: 3 puntos.



2. Situación económica per cápita mensual das persoas que integren a unidade familiar, de acordo co establecido no artigo 4.1.e) desta resolución, segundo o seguinte baremo:

a) Ingresos e rendas inferiores ao 50 % da cantidade resultante de multiplicar por 1,3 veces o valor do IPREM: 3 puntos.

b) Ingresos e rendas do 50 % ao 80 % da cantidade resultante de multiplicar por 1,3 veces o valor do IPREM: 2 puntos.

c) Ingresos e rendas superiores ao 80 % e ata o 100 % da cantidade resultante de multiplicar por 1,3 veces o valor do IPREM: 1 punto.

3. Cónxuxe ou parella de feito inscrita, sempre que conste no mesmo domicilio no certificado de empadramento conxunto:

a) No caso de ser menor de 65 anos: 1 punto.

b) Con 65 ou máis anos: 2 puntos.

4. Número de fillos/as da persoa solicitante, maiores de 18 anos e menores de 25 anos, solteiros/as ou sen parella de feito inscrita, que convivan no seu domicilio e que consten no certificado de empadramento conxunto: 1 punto por cada fillo/a.

5. Número de membros da unidade familiar que convivan no domicilio e que consten no certificado de empadramento conxunto no caso de que a persoa solicitante sexa menor de 25 anos e estea solteira ou sen parella de feito inscrita: 1 punto por cada membro, excluída a persoa solicitante.

6. Familia numerosa recoñecida por unha Administración pública e, en todo caso, entendida como as unidades familiares con tres fillos/as convivindo no seu domicilio, sempre que un deles sexa menor de 21 anos: 1 punto.

7. Situación de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante e/ou dos membros da súa unidade familiar definida segundo o artigo 4.2:

– Discapacidade igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 %: 1 punto.

– Discapacidade igual ou superior ao 65 %: 2 puntos.



– Dependencia en grao I ou II: 1 punto.

– Dependencia en grao III: 2 puntos.

No caso de que a persoa discapacitada ou dependente necesite axuda dunha terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria, a puntuación incrementarase en 2 puntos.

Naqueles casos en que nos certificados emitidos polos órganos competentes non conste a porcentaxe de discapacidade, valorarase con 1 punto.

Naqueles casos en que a persoa presente unha situación de discapacidade e dependencia, só se valorará unha das situacións.

8. Persoa solicitante que fose vítima de violencia de xénero nos cinco anos anteriores ao retorno: 2 puntos.

9. Persoas solicitantes que teñan 65 anos ou máis na data de presentación da solicitude: 4 puntos.

#### Artigo 6. *Contía e compatibilidade de axudas*

1. As axudas de carácter xenérico para facer fronte á situación derivada do retorno da unidade familiar previstas nesta resolución aboaranse por unha soa vez e o seu importe establécese en función do número de puntos que se obteña segundo os criterios recollidos no artigo 5. Fíxase, para estes efectos, un valor de 300 euros por unidade de puntuación, o que determinará a contía da axuda.

2. Co obxecto de facilitar o seu establecemento na Comunidade Autónoma e tendo en conta as dificultades no acceso á vivenda das persoas retornadas, establécese unha axuda de 500 euros por unidade familiar, destinada a facer fronte aos gastos derivados das primeiras xestións necesarias para garantir o acceso a unha vivenda.

3. Coa finalidade de reforzar o apoio ás persoas beneficiarias con cargas familiares, establécense tamén unhas axudas específicas de pagamento único sempre que a persoa beneficiaria teña algún fillo/a menor de 18 anos convivindo no seu domicilio. En calquera caso, esta axuda só a poderá percibir un dos proxenitores, para o cal se terá en conta a solicitude presentada en primeiro lugar.



a) As contías destas axudas outorgaranse por cada fillo/a menor de 18 anos e terán os seguintes importes:

- 1.000 euros polo/a primeiro/a e segundo/a fillo/a menor de 18 anos.
- 1.500 euros a partir do/da terceiro/a fillo/a menor de 18 anos.

b) No caso de que, no momento de solicitar a axuda, a unidade familiar conste empadroadada e residindo nun concello rural, as anteriores contías establecidas por cada fillo/a menor incrementaranse nun 25 %.

Para estes efectos, enténdese por concello rural aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada no nivel de parroquia (ZDP) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística ([https://www.ige.eu/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl](https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl)). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.

4. No caso de que a persoa beneficiaria sexa menor de idade, aplicarase tamén o previsto no punto anterior deste artigo, incrementando neste caso a contía da axuda en 1.000 euros e un 25 % máis no caso de residir nun concello rural.

5. As axudas específicas de pagamento único establecidas para os supostos recollidos nos puntos 3 e 4 deste artigo poderanse conceder no caso de que a persoa solicitante non poida ser beneficiaria das axudas xenéricas por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 4.1.e) ou f) desta resolución, sempre que a renda per cápita anual dos membros da unidade familiar do ano anterior ao da convocatoria non supere os 13.500 euros.

6. A contía límite da axuda extraordinaria concedida será ata un máximo de 6.000 euros.

7. Soamente se poderá presentar unha única solicitude de axuda nesta convocatoria e por un único membro da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante ou outro membro da unidade familiar presentase outra solicitude de axuda, entenderase como válida a presentada no primeiro lugar segundo o asento de rexistro correspondente.

8. As axudas previstas nesta resolución serán compatibles con calquera outra que poida percibir a persoa solicitante, para o mesmo fin, concedida por calquera Administración pública.



**Artigo 7. Forma e lugar de presentación das solicitudes**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado que figura como anexo I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

**Artigo 8. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación das solicitudes comezará ás 9.00 horas do quinto día natural seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o día de inicio do prazo sexa inhábil, comezará o día hábil seguinte.

Este prazo rematará o 30 de setembro de 2026, ás 20.00 horas, sen que en ningún caso poida ser inferior a un mes.

As solicitudes presentadas antes das 9.00 horas do quinto día natural seguinte ao da súa publicación non serán admitidas.

**Artigo 9. Documentación complementaria**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade española para as persoas solicitantes que non teñan DNI.

No caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade, a solicitude farase ao seu nome e será asinada por quen a represente legalmente. Neste caso, deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito.



b) Documentación acreditativa da vinculación con Galicia da persoa solicitante: nacemento en Galicia ou, de ser o caso, ser cónxuxe ou parella de feito inscrita ou descendente por consanguinidade dunha persoa galega e nacida en Galicia.

c) Documentación acreditativa dos vínculos de parentesco da persoa solicitante co resto dos membros da súa unidade familiar que consten residindo na mesma vivenda no certificado de empadramento conxunto, se é o caso: libro de familia ou certificado de matrimonio ou certificación do Rexistro de Parellas de Feito, así como certificados de nacemento dos/das fillos/as da persoa solicitante.

No caso de separación legal, divorcio ou disolución dunha parella de feito, achegarse a correspondente sentenza xudicial firme ou certificación rexistral. Así mesmo, deberá achegarse a documentación que acredite a titoría ou representación legal da persoa solicitante menor de idade, de ser o caso.

d) Certificado de empadramento conxunto ou de convivencia actualizado, expedido polo concello galego de residencia da persoa solicitante, no cal se acredite que todas as persoas que constitúen a súa unidade familiar están empadroadas no mesmo enderezo ou, no caso de imposibilidade de conseguilo ou de unidade familiar constituída só pola persoa solicitante, declaración responsable presentada pola persoa solicitante, relativa á composición da súa unidade familiar.

e) Baixa consular, certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, ou calquera outra documentación que acredite de xeito fidedigno a data de retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de dous anos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.

f) Certificación actualizada de vida laboral, expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar maiores de 18 anos e menores de 70 anos ou, no caso de imposibilidade de conseguila, declaración responsable de que non teñen vida laboral.

g) Documentación acreditativa dos ingresos económicos, pensións ou rendas de calquera tipo, correspondentes aos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar ou, se é o caso, declaración responsable.



No caso de que a persoa solicitante ou algún membro da unidade familiar non perciba ingresos económicos, pensións ou rendas, declaración responsable da persoa solicitante neste sentido.

h) Documentación bancaria actualizada de saldo en contas correntes, depósitos bancarios, accións, valores, etc., acreditativa do valor dos bens mobles da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar que se teñan en España.

No caso de que algún membro da unidade familiar, coa excepción da persoa solicitante, non teña bens mobles en España (contas correntes, depósitos bancarios, accións, valores, etc.), declaración responsable da persoa solicitante neste sentido.

i) No caso de ter bens mobles no estranxeiro, declaración responsable do importe.

j) Extracto das contas bancarias en España da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, en que se recollan os movementos dos dous (2) meses anteriores á presentación da solicitude.

k) Documento emitido pola Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno que acredite a condición de persoa usuaria da dita oficina.

l) Certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante, no caso de alegar tal circunstancia e de que non fosen recoñecidos pola Xunta de Galicia ou polo Imsero, así como certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia dos restantes membros da súa unidade familiar, de ser o caso.

m) Sentenza, orde xudicial de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe socioambiental, emitido por un organismo oficial, que acredite ser vítima de violencia de xénero, no caso de que a persoa solicitante alegue tal circunstancia.

2. Cando a persoa solicitante se encontre na situación establecida no punto 5 do artigo 6, tamén deberá achegar a documentación acreditativa do importe dos ingresos anuais obtidos no ano anterior ao da convocatoria, tanto en España coma no estranxeiro, de todas as persoas que forman a unidade familiar e, na súa falta, unha declaración responsable neste sentido.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os docu-



mentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos de xeito electrónico a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

4. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. A Secretaría Xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración deste.

7. Cando os documentos achegados ao expediente polas persoas solicitantes estean nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberase presentar tradución deles para calquera destes idiomas.

8. A Secretaría Xeral da Emigración poderá solicitar dos servizos sociais comunitarios do concello onde teña fixada a residencia a persoa solicitante a emisión dun informe social no cal se reflecta a súa situación familiar, sociolaboral e económica, co fin de ter un maior e adecuado coñecemento das ditas situacións.



Os ditos servizos sociais poderán remitir este informe xunto coa solicitude e o resto da documentación necesaria para a súa valoración, sen mediar solicitude previa da Secretaría Xeral, cando a persoa solicitante utilice estes servizos como apoio para a tramitación da axuda.

#### Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Informe da vida laboral, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, da persoa solicitante.
- e) Certificado de residencia, con data da última variación no padrón, da persoa solicitante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Certificado de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
- b) Consulta do grao e nivel de dependencia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



**Artigo 11. Instrución e resolución**

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral do Retorno.

2. De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución, que deberá ser dita nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

3. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez concluída a tramitación do expediente, o órgano instructor formularalle directamente a proposta de resolución ao órgano concedente, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

4. Á vista da proposta de resolución, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada.

**Artigo 12. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación, segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites de xeito presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

O prazo máximo para resolver e notificar será de cinco meses, contado desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se diten as resolucións expresas, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15. *Renuncia*

1. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. No caso de renuncia, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Artigo 16. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007,



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia á persoa interesada.

#### Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Participar nas actuacións de información e asesoramento levadas a cabo polas oficinas integrais de asesoramento e seguimento ao retorno da Secretaría Xeral da Emigración.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Emigración, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais.

c) Facilitar toda a información que sexa requirida pola Secretaría Xeral da Emigración, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia antes do pagamento.



e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) As demais obrigas previstas no artigo 11 da dita lei.

#### Artigo 18. *Incumprimento, reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora debidos desde o momento en que se efectúe o pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

– O incumprimento total dos fins para os cales se concede a subvención dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

– Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

1. Dada a natureza das axudas recollidas nesta resolución, e de conformidade co artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exceptúase a Secretaría Xeral da Emigración da publicación das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 20. *Información relativa á resolución de convocatoria*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Emigración, a través dos seguintes medios:

a) No portal web oficial desta secretaría xeral (<http://emigracion.xunta.gal/>), onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta resolución.

b) Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.gal/>).

#### Artigo 21. *Recursos*

1. Contra esta resolución cabe interpoñer de xeito potestativo recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer de xeito potestativo recurso de reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o recurso poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte



ao da notificación da resolución e, no caso de que a resolución non for expresa, o recurso poderá interpoñerse desde o día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. *Información ás persoas interesadas*

1. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e, xunto cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos dos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2026

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO AXUDAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>PR905A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**
**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**ENDEREZO**

PAÍS					
<input type="text"/>					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

**CONTACTO**

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enviaranse avísos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- Postal** (deberase cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

PARROQUIA  LUGAR

**DATOS BANCARIOS**

- Formato IBAN  Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**TIPO DE PERSOA EMIGRANTE RETORNADA**

- Persoa galega e nacida en Galicia
- Cónxuxe ou parella de feito dunha persoa nacida en Galicia
- Descendente por consanguinidade dunha persoa nacida en Galicia

**OUTROS DATOS DE EMIGRACIÓN E RETORNO**

PAÍS DE PROCEDENCIA  TEMPO DE RESIDENCIA CONTINUADA NO ESTRANXEIRO ANTES DO RETORNO  DATA DE RETORNO

**PERSOA BENEFICIARIA DA BOLSA EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR**

- SI  NON
- ANO:




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN**
**ANEXO I  
(continuación)**
**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que a persoa solicitante ou algún membro da súa unidade familiar, nalgunha das dúas convocatorias anteriores (anos 2023 ou 2024):
- Non foron beneficiarias desta axuda extraordinaria a persoas emigrantes galegas retornadas.
  - Si foi ou foron beneficiarias desta axuda extraordinaria a persoas emigrantes galegas retornadas.

2. **DATOS DA UNIDADE FAMILIAR:** (deberase cubrir só un tipo de unidade familiar segundo a situación da persoa solicitante)

**A) Unidade familiar formada só pola persoa solicitante.**

1 MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR	IDADE	IMPORTE INGRESOS/ RENDAS MENSUAIS (€)	PROCEDENCIA DE INGRESOS/RENDAS (especificuese: pensións, salarios, axudas...)
Solicitante			

**B) Unidade familiar formada por varias persoas.**

**Solicitante maior de 25 anos ou menor desta idade se está casado/a ou con parella de feito inscrita ou ten algún fillo:** a unidade familiar estará formada pola persoa solicitante e, de ser o caso, polo/a seu cónxuxe ou parella de feito inscrita, fillos/as da persoa solicitante solteiros/as ou sen parella de feito inscrita menores de 25 anos que residan na mesma vivenda e consten inscritos no certificado de empadramento conxunto.

Nº	MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	APELIDOS E NOME	IDADE	IMPORTE INGRESOS/ RENDAS MENSUAIS (€)	PROCEDENCIA DE INGRESOS/RENDAS (especificuese: pensións, salarios, axudas...)
1	Solicitante				
2	Cónxuxe/parella				
3	Fillo/a				
4	Fillo/a				
5	Fillo/a				
6	Fillo/a				
TOTAL INGRESOS DA PERSOA SOLICITANTE E DO RESTO DA UNIDADE FAMILIAR					

**C) Unidade familiar formada por varias persoas.**

**Solicitante menor de 25 anos, solteiro/a ou sen parella de feito inscrita, sen fillos e que conviva con algún dos seus proxenitores:** a unidade familiar estará formada pola persoa solicitante e os seus proxenitores, e, se é o caso, os/as irmán/s ou irmás solteiros/as ou sen parella de feito inscrita e sen fillos, menores de 25 anos, que residan na mesma vivenda.

Nº	MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	APELIDOS E NOME	IDADE	IMPORTE INGRESOS/RENDAS MENSUAIS (€)	PROCEDENCIA DE INGRESOS/RENDAS (especificuese: pensións, salarios, axudas...)
1	Solicitante				
2	Pai				
3	Nai				
4	Irmán/n				
5	Irmán/n				
6	Irmán/n				
TOTAL INGRESOS DA PERSOA SOLICITANTE E DO RESTO DA UNIDADE FAMILIAR					



**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)**
**D) Unidade familiar formada por varias persoas.**

**Solicitante menor de 18 anos e que non conviva con algún dos seus proxenitores:** a unidade familiar estará formada pola persoa solicitante e quen exerza a súa tutoría ou representación legal.

Nº	MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	APELIDOS E NOME	IDADE	IMPORTE INGRESOS/RENDAS MENSUAIS (€)	PROCEDECENCIA DE INGRESOS/RENDAS (especificquese: pensións, salarios, axudas...)
1	Solicitante				
2	Persoa que exerza a tutoría ou representación legal				
TOTAL INGRESOS DA PERSOA SOLICITANTE E DO RESTO DA UNIDADE FAMILIAR					

Achegarase a vida laboral de todas as persoas da unidade familiar maiores de 18 anos e menores de 70 anos e os xustificantes dos ingresos.

**3. DECLARACIÓN DE NON PERCIBIR INGRESOS: No caso de que a persoa solicitante ou o resto dos membros da unidade familiar non perciba ingresos económicos, marcar os seguintes recadros segundo corresponda:**

- Que a persoa solicitante non percibe ingresos económicos ou rendas de calquera natureza.  
 Que o resto dos membros da unidade familiar non percibe ingresos económicos ou rendas de calquera natureza.

**4. DECLARACIÓN DE PATRIMONIO MOBILIARIO:**

**A) PERSOA SOLICITANTE:** (depósitos actualizados en conta corrente ou a prazo, accións, fondos de investimento, fondos de pensións, etc. que teña a persoa solicitante tanto en España coma no estranxeiro)

Nº	CONCEPTO: saldo en contas correntes, depósitos bancarios, accións...	TITULAR	SALDO/VALOR (€)
1		Solicitante	
2		Solicitante	
3		Solicitante	
4		Solicitante	

Achegarase a documentación bancaria actualizada na cal conste o saldo das contas bancarias, etc.

**B) RESTO MEMBROS UNIDADE FAMILIAR:** (depósitos actualizados en conta corrente ou a prazo, accións, fondos de investimento, fondos de pensións, etc. que teñan o resto dos membros da unidade familiar tanto en España coma no estranxeiro)

Nº	CONCEPTO: saldo en contas correntes, depósitos bancarios, accións...	TITULARES	SALDO/VALOR (€)
1			
2			
3			
4			

Achegarase a documentación bancaria actualizada na cal conste o saldo das contas bancarias, etc.

**DECLARACIÓN DE NON TER PATRIMONIO MOBILIARIO/ BENS MOBLES:** No caso de que o resto dos membros da unidade familiar non teña patrimonio mobiliario/bens mobles (contas correntes, depósitos bancarios, etc.), marcar o seguinte recadro:

- Que ningún membro da unidade familiar, que non sexa a persoa solicitante, ten patrimonio mobiliario/bens mobles (contas correntes, depósitos bancarios, etc.).



**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)****5. DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para o cal solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo concepto para o cal solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	TIPO DE AXUDA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que autoriza a Secretaría Xeral da Emigración, no ámbito das súas competencias, para cederlles os datos persoais a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia, co fin de colaborar no exercicio das funcións que lles sexan propias.
7. Que ten autorización das persoas relacionadas dentro da unidade familiar ou como achegadas para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración co fin de xestionar a axuda relativa a esta convocatoria.
8. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/>	Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade española para as persoas solicitantes que non teñan DNI.			
<input type="checkbox"/>	Acreditación da representación fidedigna por calquera medio válido en dereito, no caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade.			
<input type="checkbox"/>	Certificado de empadramento conxunto ou de convivencia actualizado, expedido polo concello galego de residencia da persoa solicitante, no cal se acredite que todas as persoas que constitúen a unidade familiar están empadroadas no mesmo enderezo ou, no caso de imposibilidade de conseguilo ou de unidade familiar constituída só pola persoa solicitante, declaración responsable relativa á composición da súa unidade familiar.			
<input type="checkbox"/>	Certificación actualizada de vida laboral, expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, da persoa solicitante e dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos e menores de 70 anos ou, no caso de imposibilidade de conseguila, declaración responsable de que non teñen vida laboral.			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa dos ingresos económicos, pensións ou rendas de calquera tipo, correspondentes aos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude, da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar (nóminas, subsidios, pensións, etc.) ou, de ser o caso, declaración responsable da persoa solicitante.			
<input type="checkbox"/>	Documentación bancaria actualizada de saldo en contas correntes, depósitos bancarios, accións, valores, etc., acreditativa do valor dos bens mobles da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, que teñan tanto en España coma no estranxeiro. No caso de que algún membro da unidade familiar, coa excepción da persoa solicitante, non teña bens mobles, declaración responsable da persoa solicitante neste sentido.			
<input type="checkbox"/>	Extracto das contas bancarias en España da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, no cal se recollan os movementos dos dous (2) meses anteriores á presentación da solicitude.			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa do importe dos ingresos anuais obidos no ano anterior ao da convocatoria, tanto en España coma no estranxeiro, de todas as persoas que forman a unidade familiar e, na súa falta, unha declaración responsable neste sentido, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Documento emitido pola Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno que acredite a condición de persoa usuaria da dita oficina.			
		<b>ÓRGANO</b>	<b>CÓD. PROC.</b>	<b>ANO</b>
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da vinculación con Galicia da persoa solicitante: nacemento en Galicia ou, de ser o caso, de ser cónxuxe ou parella de feito inscrita ou descendente por consanguinidade dunha persoa galega e nada en Galicia.			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa dos vínculos de parentesco da persoa solicitante co resto dos membros da súa unidade familiar, que consten residindo na mesma vivenda no certificado de empadramento conxunto, de ser o caso: libro de familia, certificado de matrimonio ou certificación do Rexistro de Parellas de Feito, así como os certificados de nacemento dos/das fillos/as da persoa solicitante.			
<input type="checkbox"/>	Sentenza xudicial firme ou certificación rexistral correspondente, no caso de separación legal ou divorcio da persoa solicitante, ou disolución dunha parella de feito, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite a tutoría ou representación legal da persoa solicitante menor de idade, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/>	Baixa consular, certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a data do retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de dous anos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.			
<input type="checkbox"/>	Certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante, no caso de alegar tal circunstancia e de que non fosen recoñecidos pola Xunta de Galicia ou polo Imserso, así como certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia dos restantes membros da súa unidade familiar, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/>	Sentenza, orde xudicial de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe socioambiental, emitido por un organismo oficial, que acredite ser vítima de violencia de xénero, no caso de que a persoa solicitante alegue tal circunstancia.			



**COMPROBACIÓN DE DATOS**

<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DNI da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Informe de vida laboral, da Tesouraría da Seguridade Social, da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia con data da última variación no padrón	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Consulta de grao e nivel de dependencia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> <b>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos.</b> <b>De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.</b>	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

**Dou o meu consentimento para que me sexa remitida información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración:**

SI  NON

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral da Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Tamén terán como finalidade informar doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou coa finalidade de comprobación de cumprimento de requisitos ou compatibilidade doutras axudas. Así mesmo, comunicaránlles os datos a aquelas entidades, empresas ou asociacións que colaboren coa Secretaría Xeral da Emigración no desenvolvemento dos diferentes programas ou accións do seu ámbito de actuación.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN****ANEXO I  
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Resolución do 8 de xaneiro de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR905A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral da Emigración

CVE-DOG: xdbku6n8-t6k8-j5k6-qi59-di46gfw4god2

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>